

# Aprendendo a voar

■ ROMÁN RAÑA ■

**Agustín Fernández Paz**

*Cos pés no aire*

Xerais, 1999

80 páxinas. 1.400 Pta.

**A**CABA de saír do prelo unha novela curta de Agustín Fernández Paz, *Cos pés no aire*, gañadora do primeiro Certame de Literatura Infantil Raíña Lupa, da Deputación da Coruña. O autor do relato (Lugo, 1947) é ben coñecido polo público lector galego polas múltiples ediciones das súas obras literarias, que alcanzaron sorprendentes cifras de venda, constituindo algunas verdadeiros best-sellers na nosa literatura. Así, da súa vasta producción, destacamos as narracións medoñas, *Cartas de inverno*, pasando polos libros anticipatorios mal chamados de ficción científica, *O centro do labirinto*, ou narracións de carácter realista, como en *Trece anos de Branca* ou en *Rapazas*, chegando á incursión no fantástico no orbe cotián, como en *As flores radioactivas* ou en *Amor dos quince anos*, *Marilyn*, en *Avenida do Parque*, 17, ou, para finalizarmos, en *As fadas verdes*, ata chegar ao sarcasmo irónico en pezas como *O laboratorio do doutor Nogueira* ou *Contos por palabras*. Esta extensa nómina de éxitos editoriais culmina, polo de agora, coa obra que, a seguir, comentamos.

*Cos pés no aire* eríxese nun relato onde podemos apreciar diferentes aspectos que o singularizan dentro da producción do noso autor e dentro da narrativa que acostuma realizarse para os rapaces. En primeiro lugar, distinguimos dúas partes ben diferenciadas. Na primeira, o protagonista (un oficinista de vivir mediocre) sofre unha situación estraña que cambia radicalmente a súa anódina forma de vida. A crise pola que pasa tradúcese nunha ruptura coa existencia gris que o angustia. Unha vez rota a rutina embrutecedora, o protagonista, Daniel, padece unha experiencia insólita: ten a capacidade de voar, en principio dun modo inconsciente, non deliberado.

Aquí atopamos xa a diferenza cun relato que podería decorrer polo camiño eglóxico. A capacidade sobrenatural de voar é vivida como unha maldición, non como un don grato ou agradable. O cidadán, extraído da masa, individualízase cunha propiedade

incomún: é capaz de sostenerse e de se desprazar no ar. Ao modo de Kafka, coa espantosa transformación de Gregor Samsa, cando esperta convertido en insecto, así o noso heroe é asaltado por unha calidade especial que o illa aínda máis da comunidade. Efectivamente, Daniel, nun primeiro momento, non é capaz de dominar a capacidade de levitación e sofre enormemente pensando que o poderían atopar voando en calquera momento.

De feito, a propiedade levitatoria vai proporcionándolle momentos de gozo solitario, cando realiza excursións aéreas polo bosque, mais tamén momentos especialmente penosos (como no episodio da contemplación dunha muller case espida nun probador de roupa). Estas anécdotas van ilustrando unha vida totalmente alterada pola presencia dese poder oculto, que o heroe problemático vai tratando de manter en secreto nunha sociedade que podería ser hostil para con el. Tamén resulta eficaz o diálogo co médico para tratar de explicar a perda de peso do protagonista, que acaba espertando no teito da súa habitación levitando durante o sono.

A segunda parte da obra adquire un cariz amoroso. Casualmente, Daniel descobre nunha librería unha muller elevada no ar, Helena. Este achado ábrelle un novo mundo que descoñecía: o mundo das persoas que, coma el, voan secretamente. A partir de aquí o relato intérnase na relación que se establece coas outras persoas que tamén padecen este estranxo don da levitación. Efectivamente, existe un grupo de persoas que son capaces de voar e que constitúen, por así dicilo, unha especie de secta de apestados, de individuos traumatizados por esta experiencia solitaria, a modo de enfermidade contaxiosa, que viven en secreto con esta carga corporal e persoal e que, en común, van minguando os efectos perniciosos dessa capacidade. Non podemos revelar o final da obra, mais convén indicar que se trata dun remate *aberto*, aberto á consideración meditativa do lector, aberto á súa sensibilidade e á súa capacidade crítica. Todo isto, xunto cunhas magníficas ilustracións de Miguelanxo Prado, fai deste libro un producto absolutamente recomendable.

■ **Román Raña** é poeta, narrador e investigador. Gañou o Premio Esquío de poesía e o Blanco Amor de novela